

**Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expediente 2003-441

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDEMENTO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto das OBRAS DO PROXECTO DE "REMODELACIÓN DA AVDA. DE MADRID A-55 PP.KK 0+000 A 2+370 T.M DE VIGO -PONTEVEDRA".

Segundo.- O 16 de agosto de 2024 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitouse aclaración aos pregos dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- ("*As aclaracións e documentación poderán solicitarse ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas*").

Cuarto.- Con data do 4 de setembro de 2024 o xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario emitiu informe en relación coa aclaración solicitada.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas, de conformidade co informado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario.

- Pregunta 1

Buenas tardes. En las FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (FEC) se detallan tres anualidades para la obra (2024, 2025 y 2026), pero en cambio el plazo de ejecución de la obra es de tan solo 12 meses. Cómo se supone que se van a representar las tres anualidades en una obra de 12 meses. Gracias y un saludo.

- Resposta:

As previsións orzamentarias indicadas no apartado 3.E das FEC dan cobertura a execución da obra tendo en conta a data de inicio prevista para as actuacións (Decembro de 2024), o prazo de execución da obra previsto no proxecto de obras aprobado (12 meses) e o prazo legal máximo previsto no artigo 240 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público para a aprobación polo órgano de contratación da certificación final (3 meses).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/09/2024 13:54	Páxina 1 de 2
2003-441	CSV: A3AD5E-438B28-B8C838-VBP4VK-NSCA45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Pregunta 2

Buenos días. ¿Existe algún formato de letra y tamaño mínimo de la fuente para la elaboración del sobre B? Muchas gracias. Un saludo

- Resposta:

No apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas establécense os requisitos de presentación das memorias que compoñen o sobre B, relativos a nº máximo de páxinas, formato e tamaño de arquivo.

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 28 de xuño de 2024.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, proponse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

- **“Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto das OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DA AVDA. DE MADRID A-55 PP.KK 0+000 A 2+370 T.M DE VIGO -PONTEVEDRA” 2003-441.**
- **Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.**

A xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Acordo de delegación competencial de data 28 de xuño de 2024) (sinatura dixital)

Dou fe, a secretaria do Goberno Local (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/09/2024 13:54	Páxina 2 de 2
2003-441	CSV: A3AD5E-438B28-B8C838-VBP4VK-NSCA45-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		